

RUTAS AO AIRE LIBRE

Muíños do Batán (Carral)

21 de febreiro de 2026



DATA: sábado 21 febreiro de 2026

HORARIO:

Quenda de mañá

Hora de inicio: 10:00 h

Hora prevista de finalización: 14:00 h

PUNTO DE SAÍDA:

43.188991, -8.366228 (Google Maps)

Carral, 15184 A Coruña

<https://maps.app.goo.gl/XNV4BJF9Vm2fPK3s7>

PUNTO DE CHEGADA:

43.188991, -8.366228 (Google Maps)

Carral, 15184 A Coruña

<https://maps.app.goo.gl/XNV4BJF9Vm2fPK3s7>

TELÉFONOS DE CONTACTO

(só para o día da ruta):

609 206 207

636 557 491

RECOMENDACIÓNS:

Acudir con calzado impermeable e con bo agarre.

De os ter, levar bastóns.

DESCRICIÓN:

Ruta circular de 8 km na contorna do val do río Barcés, entre Carral e O Mesón do Vento. O principal interese da ruta atópase nos arredores do río Abelleira, afluente do Barcés, onde se conservan 14 muíños, un batán e unha antiga fábrica de luz. O río discorre encaixado, con numerosas fervezas e saltos de auga ao longo do seu curso.

Puntos de interese

O río Abelleira, conxunto de muíños tradicionais, batán, antiga fábrica hidroeléctrica, fervezas e saltos de auga, miradoiros naturais sobre o val, aldeas tradicionais con lavadoiros, pazos e hórreos.

Contorna natural

Nas zonas máis sombrías, o bosque atópase en moi bo estado de conservación, con variedade de fentos e musgos, ademais de abeleiras e loureiros. Outras zonas da ruta, máis abertas, ofrecen bos miradoiros sobre o val. O percorrido atravesará tamén pequenas aldeas con elementos etnográficos como lavadoiros, pazos e hórreos.

NIVEL DE DIFICULTADE: baixa

DISTANCIA: 8 km

DURACIÓN APROXIMADA: 3 horas 30 minutos + paradas

GRUPO MÍNIMO/MÁXIMO: 8-35 persoas







Área de Deportes

UNIVERSIDADE DA CORUÑA


MAPA:






Área de Deportes

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



PERFIL:

282 m



DATOS MIDE:

MIDE			
Horario: 3 h 30 min		Severidade do medio natural: 1	
Desnivel de subida: 380 m		Orientación no itinerario: 2	
Desnivel de baixada: 380 m		Dificultade no desprazamento: 2	
Distancia horizontal: 8 km		Cantidade de esforzo necesario: 3	
		Tipo de percorrido: circular	

COMO INTERPRETAR A LENDA MIDE	
	Medio. Severidade do medio natural 1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario. Dificultade de orientarse no itinerario 1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fóra de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento. Dificultade no desprazamento 1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas dispostas en chanzos ou terreos irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo. Cantidade de esforzo necesario 1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva
<i>Calculado segundo os criterios do MIDE para un excursionista medio pouco cargado</i> <i>O MIDE está recomendado pola Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)</i>	